

# CLASICISMO

BEETHOVEN: SINFONÍA N°9 4º MOVIMIENTO

# Datos técnicos da obra

- **TÍTULO COMPLETO DA OBRA:** *Sinfonía nº9 en re menor* ou tamén coñecida como *Coral*.
- **AUTOR:** Ludwig Van Beethoven.
- **ANO DE COMPOSICIÓN:** Beethoven comezou a compoñela en 1818 e finalizouna en 1824.
- **PERÍODO MUSICAL:** Clasicismo
- **FORMA MUSICAL:** Sonata
- **FUNCIONALIDADE:** É unha sinfonía que se converteu en símbolo de liberdade.
- **[VERSIÓN ESCOITADA:](#)**

# Biografía de Beethoven



Beethoven naceu en Bonn o 16 de decembro de 1770 e morreu en Viena o 26 de marzo de 1827. Foi compositor, director e pianista alemán.

É considerado un dos compositores máis importantes da historia da música.

A familia de Beethoven vivía en condicións modestas. Seu avó paterno descendía dunha familia de campesiños.

O seu apelido significa "granxas de remolachas"

O pai de Beethoven quería que seu fillo seguira os pasos de Mozart e comezou a ensinalle piano, órgano e clarinete dende moi pequeno. Era usual que se quedara na casa para practicar música.

Con once anos publica a súa primeira composición.

Con 17 anos marcha para Viena, e ahí ten un encontro con Mozart. Beethoven quedou a vivir en Viena, alí recibiu clases de composición, contrapunto e lírica.

Beethoven acabou perdendo as súas capacidades auditivas, e sufriu penalidades personales producidas por desenganos amorosos e nunca chegou a casarse.

Beethoven recibiu axuda de Johann Muzel, que lle elaborou instrumentos para axudalo cos súas necesidades auditivas, como cornetas acústicas ou un sistema para escoitar o piano.

Muzel sorprendeu a Beethoven coa invención do metrónomo.

Beethoven pasou os últimos anos da súa vida aislado pola sordera, relacionándose só cos amigos mediante os cadernos de conversación. O seu gran último éxito foi a Novena Sinfonía.

O estreno desta tivo un gran éxito aínda que non solucionou os seus problemas económicos.

Obras:

Beethoven deixou para a súa posteridade: 9 sinfonías, 1 ópera, 2 misas, 3 cantatas, 32 sonatas para piano, 5 concertos para sonata, 1 triple concerto para violín, violoncheli, piano e orquestra 16 cuartetos de corda...

## **SINFONÍAS:**

Compuxo 9 sinfonías e destacan a terceira, a quinta e a novena. Comezou compoñendo sinfonías con 30 anos e continuou hasta a súa morte.

## **OBERTURAS**

As súas dez oberturas son curtas, pero serán ampliadas e traballadas para a incorporación en obras maiores. É música composta para ballets e obras de teatro. O tema da liberdade está moi presente nesta produción de Beethoven.

## **CONCERTOS**

Cada concerto para piano desarrolla unha escritura de gran virtuosismo.

Solo compón un concerto para violín, que contan cunha transcripción para piano.

# ANÁLISE MUSICAL

**MELODÍA:** Empeza cunha introdución instrumental, no minuto 5:54 empeza a cantar un home que ten voz de baixo, e no 7:08 empeza a cantar o coro. No 7:27 canta un dúo, no 8:33 volve cantar o coro. No 9:10 empeza outra vez unha parte instrumental. No 9:52 empeza un home a cantar, no 12:32 volve a melodía principal feita por coros. No 15:42 volve a melodía secundaria e acaba volvendo a melodía principal (CODA) que é instrumental. Os seus movementos son por graos conxuntos.

## **RITMO:**

O ritmo é irregular xa que encontramos ritmos distintos; e o compás é binario e ternario, van intercambiando.

## **TEXTURA:**

A textura é melodía acompañada xa que os instrumentos acompañan as voces. Pero cando interven o coro, prodúcese homofonía xa que todas as voces cantan o mesmo pero a distintas voces.

**HARMONÍA:** A harmonía é tonal, e a súa tonalidade é re menor.

**TIMBRES:** Os instrumentos que se usan son:

Vento madeira: piccolo, 2 flautas, 2 óboes, 2 clarinetes, 2 fagots, e contrafagot.

Vento metal: 4 trompas, 2 trompetas e 3 trombóns.

Percusión: timbal, bombo, triángulo e platillos.

Corde: Violins I e II, violas, cellos e contrabaixo.

As voces que se usan son: soprano, alto, tenor, barítono e coro.

**FORMA:** Úsase a forma sonata, que é unha forma musical que consta de tres seccións: exposición, desenvolvemento e recapitulación.

Na exposición presentanse un ou varios temas, no desenvolvemento elabóranse varias maneiras mediante a variación do material melódico, rítmico e harmónico. Na recapitulación vólvese a presentar os temas iniciais. Algunhas veces a sonata está encabezada por unha introdución e rematada por unha CODA.



# OPINIÓN CRÍTICA

Collín está sinfonía para analizar porque o movemento que me tocou gústame moito e é moi coñecido. É considero que aprendín moitas máis cousas das que xa sabía.

Esta melodía utilizouse para algún anuncio:

<https://www.youtube.com/watch?v=V5MESz6VOks>